

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA UNHA NOVA DISTRIBUCIÓN ENTRE ANUALIDADES DO CRÉDITO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE CIENCIAS MARIÑAS DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+i DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (ACHEGA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA FINANCIADA POLO FEMP E POLO FEMPA)

ANTECEDENTES

1.- Coa data de 20 de outubro de 2022 formalizouse o 'Convenio entre a Consellería do mar da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVIGO) e a Universidade da Coruña (UDC), para a realización do programa de Ciencias Mariñas dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Achega financiada polo FEMP e polo FEMPA)'

As actividades do Programa de Ciencias Mariñas en Galicia prevén o seu financiamento a través do devandito convenio mediante fondos Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e do Fondo Europeo Marítimo da Pesca e da Acuicultura (FEMPA), e dun segundo convenio, complementario do anterior, polo que a Consellería do Mar comprometa a achega de financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

2- O orzamento orixinalmente previsto para cada unha das institucións beneficiarias nas diferentes anualidades con cargo aos fondos FEMP e FEMPA foi o seguinte:

Entidade	2022	2023	2024	2025	Total
CETMAR		74.750	52.900	4.600	132.250
CIMA	4.025	1.322	1.323	230	6.900
CSIC	359.210	775.140	516.435	71.632	1.722.417
IGAFA	5.751	3.450	1.149		10.350
UDC	73.523	128.739	67.771	1.725	271.758
USC	271.337	445.958	340.579	61.516	1.119.390
UVIGO	219.015	337.793	161.070	19.057	736.935
	932.861	1.767.152	1.141.227	158.760	4.000.000

3- A cláusula cuarta do citado convenio prevé a posibilidade de modificar a distribución dos créditos entre anualidades co fin de facilitar a execución do programa. Esta modificación, de acordo co disposto nesta cláusula, é acordada pola consellería do Mar, "previo informe favorable da Comisión de Seguimento e Coordinación prevista na cláusula oitava deste convenio e a tramitación do correspondente expediente económico, sen incrementar o importe total da axuda concedida".

4- Con data 2 de decembro de 2022, o coordinador científico do Programa comunica a esta consellería o acordo favorable da Comisión de Seguimento e Coordinación do convenio para realizar unha solicitude de modificación da distribución das anualidades. De acordo coa proposta de modificación as anualidades da subvención quedarían distribuídas do seguinte xeito:



Entidade	2022	2023	2024	2025	Total
CETMAR	0	27.370	67.390	37.490	132.250
CIMA	2.948	2.399	1.323	230	6.900
CSIC	0	794.318	550.993	377.106	1.722.417
IGAFA	0	9.201	1.149	0	10.350
UDC	0	164.897	67.771	39.090	271.758
USC	20.010	610.060	398.454	90.866	1.119.390
UVIGO	0	397.833	217.463	121.639	736.935
	22.958	2.006.078	1.304.543	666.421	4.000.000

Na citada solicitude expóñense os motivos da solicitude que fundamentalmente derivan da demora na sinatura do convenio que imposibilitou a execución da práctica totalidade da anualidade prevista para o ano 2022.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

1- O artigo 46.Dous da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, establece que " *A tramitación de expedientes que comporte a modificación de convenios que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta de Galicia requirirá autorización previa do mesmo órgano. Porén, non será precisa esta autorización cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin comporte un incremento do importe total das obrigas de contido económico asumidas polas entidades do sector público autonómico ou no número de exercicios orzamentarios aos que se imputan as ditas obrigas, sempre que a distribución do importe correspondente a cada exercicio respecte os límites a que fai referencia o artigo 58.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro*".

Neste caso o Consello da Xunta de Galicia autorizou, na súa reunión do día 15 de decembro de 2022, a modificación das porcentaxes máximas previstas no artigo 58.3 do TRLRFOG para compromisos plurianuais como consecuencia do reaxuste de anualidades deste convenio.

2 – A cláusula cuarta do convenio prevé a posibilidade de modificar a distribución dos créditos entre anualidades que será acordada pola consellería do Mar, "previo informe favorable da Comisión de Seguimento e Coordinación prevista na cláusula oitava deste convenio e a tramitación do correspondente expediente económico, sen incrementar o importe total da axuda concedida".

De acordo cos este antecedentes e fundamentos de dereito,

RESOLVO:

1 – Autorizar a modificación solicitada na distribución dos créditos do convenio entre anualidades tal como figura no antecedente cuarto desta resolución, por considerar que está suficientemente motivada.

2- Modificar os importes das achegas ás entidades executoras do convenio na súa distribución por anualidades a aplicación orzamentarias como a continuación se indica:



Entidade	Aplicación Orzamentaria	Proxecto contable	2022	2023	2024	2025	TOTAL
CETMAR	15.02.723A.743.20	2022 00153	0	27.370	67.390	37.490	132.250
CSIC	15.02.723A.703.0	2022 00153	0	575.075	470.739	286.656	1.332.470
		2022 00154	0	219.243	80.254	90.450	389.947
USC	15.02.723A.744.0	2022 00153	5.175	179.785	111.720	35.403	332.083
		2022 00154	14.835	430.275	286.734	55.463	787.307
UVIGO	15.02.723A.744.0	2022 00153	0	283.451	114.024	58.778	456.253
		2022 00154	0	114.382	103.439	62.861	280.682
UDC	15.02.723A.744.0	2022 00153	0	130.563	67.771	39.090	237.424
		2022 00154	0	34.334			34.334
TOTAL FEMP + FEMPA			20.010	1.994.478	1.302.071	666.191	3.982.750

3- Autorizar a contabilización dos correspondente documentos contables de autorización e disposición do gasto necesarios para efectivo este reaxuste das anualidades do convenio.

Santiago de Compostela,

A conselleira

PD Orde do 21.02.2022 (DOG núm. 41 do 01.03.2022)

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

[asinado dixitalmente]

Antonio Basanta Fernández

